

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE FEBREIRO DE 2021

Ás 10:25 horas do día 11 de febreiro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 8 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. María Dapena Gómez, xefa da Área de Recursos Humanos e Formación (asiste aos puntos 8a, 9a e 10a)  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 8b, 9b, 9c, 10b, 10c e 11a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama de Vigo (10.483-612)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo conservador de VigoZoo o 8 de febreiro de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor", así como o informe que rectifica o anterior de data 10 de febreiro que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

### **6.- Apertura económica**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:22	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA94B-55DE8A-EEEB27-63CX57-QZ6LZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama de Vigozoo (10.483-612)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	DIEGO BALLESTEROS PEINADO	116.765,00 euros

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

En aplicación da fórmula recollida na cláusula 18.1a) do PCAP, compróbase que a baixa formulada polo licitador non contén valores anormais, polo que, de conformidade co previsto na cláusula 16.3 a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar ao DIEGO BALLESTEROS PEINADO a máxima puntuación sinalada no apartado 7B.1 do Anexo I -FEC- (60 puntos).

Tendo en conta a puntuación outorgada a DIEGO BALLESTEROS PEINADO pola súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (30 puntos) a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	DIEGO BALLESTEROS PEINADO	30 puntos	60 puntos	90 puntos

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama de Vigozoo (10.483-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	DIEGO BALLESTEROS PEINADO	90 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, DIEGO BALLESTEROS PEINADO (\*\*.\*15.00\*), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



administrativas particulares (PCAP).

3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

## 8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

### a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal e cargos públicos ao servizo do Concello do Vigo (35.076-220)

Pregúntase aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lémbrese que o 13 de xaneiro de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

- ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
- VIDACAIXA, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS

Durante o prazo concedido, os dous licitadores presentaron documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 3 de febreiro de 2021 a técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación emitiron informe sobre as xustificacións presentadas no que conclúen “*Á vista do informe emitido por ARTAI conclúese que as baixas de ALLIANZ e VIDACAIXA cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da LCSP para consideralas xustificadas e poder cumprir o contrato*”.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe.

### b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Hispanidade, entre Zamora e Pintor Colmeiro" (620-441)

Pregúntase aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lémbrese que o 28 de xaneiro de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.

Durante o prazo concedido, o 2 de febreiro de 2021, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 4 de febreiro de 2021 o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen “*Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato*”.



A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

## **9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

### **a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal e cargos públicos ao servizo do Concello do Vigo (35.076-220)**

Entrégase o informe asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación o 4 de febreiro de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliábeis mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Hispanidade, entre Zamora e Pintor Colmeiro" (620-441)**

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 8 de febreiro de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliábeis mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

### **c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441)**

Pregúntase aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 5 de febreiro de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliábeis mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

## **10.- Propostas de clasificación/clasificación**

### **a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal e cargos públicos ao servizo do Concello do Vigo (35.076-220)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:22	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA94B-55DE8A-EEEB27-63CX57-QZ6LZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal e cargos públicos ao servizo do Concello do Vigo (35.076-220) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A.	92,00 puntos
2	VIDACAIXA, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS	83,89 puntos
3	GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	77,46 puntos
4	MAPFRE VIDA, S.A.	70,25 puntos
5	SURNE MUTUA DE SEGUROS	59,93 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. (A-28.007.748), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá presentarse a documentación acreditativa da habilitación profesional ("*certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acreditativa da súa inscrición no Rexistro administrativo especial previsto no artigo 40 da Lei 20/2015, de 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras*")
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Hispanidade, entre Zamora e Pintor Colmeiro" (620-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado o 4 de febreiro de 2021 polo xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Hispanidade, entre Zamora e Pintor Colmeiro" (620-441) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:22	Páxina 5 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA94B-55DE8A-EEEB27-63CX57-QZ6LZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	97,16
2	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	96,88
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	96,80
4	NAROM, S.L.	93,38
5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	92,85
6	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	92,38
7	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	85,59
8	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	85,19
9	ORECO, S.A.U.	83,50
10	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	81,78
11	EULOGIO VINAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	72,96

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	86,72
2	EICROS GESTIÓN, S.L.	79,82
3	CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.	75,31
4	CONSTRUCCIONES Y DISEÑO LUICON, S.L.U.	71,34
5	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	59,07

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. (A-36.115.459), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

## 11.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 8 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE A RÚA RONDA DE DON BOSCO E A RÚA VENEZUELA" redactado Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS SESENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (565.243,95 €) con data da sinatura dixital de 17 de xullo de 2020 (expte. 4683/443).*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 01.10.2020*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCOCENTOS SESENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (565.243,95 €), sendo o importe*



correspondente ao IVE de 98.100,19 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.619.00.05 (HUMANZ.T. LEAL, D. BOSCO-VENEZUELA).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020: 350.000 Euros  
2021: 215.243,95 Euros

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de xaneiro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe do Servizo de Vías e Obras Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 22 e 25 de xaneiro de 2021

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	EXTRACO, S.A.	97,36
2	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	97,29
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	97,04
4	CONSTRUCCIONES OREGA	94,55
5	ORECO, S.A.U.	93,53
6	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	93,29
7	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	90,65
8	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	89,55
9	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	88,21
10	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	88,00
11	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	84,66

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXTRACO, S.A. (A-32.002.644), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:22	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA94B-55DE8A-EEEB27-63CX57-QZ6LZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXTRACO, S.A., o día 29 de xaneiro de 2021, que presenta a documentación requirida o 9 de febreiro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de febreiro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EXTRACO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EXTRACO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 23 de decembro de 2020, e 22 e 25 de xaneiro de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:22	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA94B-55DE8A-EEEB27-63CX57-QZ6LZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión de OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., mediante resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019) de data 28 de xaneiro de 2021, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada.*
2. *Adxudicar a EXTRACO, S.A. (A-32.002.644) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 423.536,30 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 73.506,30 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:22	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA94B-55DE8A-EEEB27-63CX57-QZ6LZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		